- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación.

Mínimo exixible
Interpretar un mínimo de 1 estudo po avaliación, tonalidades ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son a primeira vista Interpretar un mínimo de 1 peza curta por avaliación, ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son.
Interpretar 2 exercicios técnicos por avaliación de memoria. Interpretar as escalas maiores a unha oitava de Do Maior, Reb M, Re M e Fa M para tuba e Fa M, Mib M, Sol M, Re M e Sib M para bombardino: tempo negra = 60, figura de negra. Legato. Tesitura: tuba, Sol1 - Sol3; bombardino: Fa2 - Fa4. Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas (ver *).
Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Unha de elas anterior ao s. XX.

Recoñecer en 1 obra por avaliación escoitada, ao menos dúas gravadas o unha en directo, do seu instrumento, trazos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son e planos sonoros.

Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación (rexistro para tuba: Fa 1 ata Do 4; rexistro para bombardino: Si natural 1 ata Sib 4): exercicios de flexibilidade, negra = a 60, figura de branca, negra e corchea, legato e staccato; exercicios rítmicos, con negra = a 60, de negra, corchea, con diferentes acentuacións, a cada dous, cada tres e cada catro) con tempo estable e son bonito.

Traer de forma regular o material e instrumento e ter coidado do mesmo, con orde e limpeza.

Cubrir con orde e precisión o caderno de estudo.

Interpretar en público 1 obra por avaliación curta, de memoria, en tres audicións o probas diferentes, do nivel, con seguridade, precisión e control.

Mostrar seguridade na memorización da peza, con precisión nas notas.

Mostrar naturalidade na exposición ao público, seguindo as normas.

Adaptar a afinación, precisión rítmica e demais aspectos técnicos ao grupo.

Traer o material a cada clase, ordenado e coidado, así como o seu instrumento e demais elementos (trapos, boquilla, coxín, etc.).

* Estudos:

Primeira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Aprende tocando el bombardino (UD 17 e 18) - P. Wastall.
- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 1 a 4) - T. Botman /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (1-3) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Aprende tocando la tuba (UD 17 e 18) - P. Wastall.
- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 1 a 4) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (1-3) – R. M. Endresen

Segunda avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Aprende tocando el bombardino (UD 19 a 21) - P. Wastall.
- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 5 a 7) - T. Botman /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (4-6) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Aprende tocando la tuba (UD 19 e 20) - P. Wastall.
- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 5 a 7) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (4-6) – R. M. Endresen

Terceira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Aprende tocando el bombardino (UD 21 a 24) - P. Wastall.
- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 8 a 10) - T. Botman /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (7-9) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Aprende tocando la tuba (UD 21 e 22) - P. Wastall.
- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 8 a 10) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.
- Supplementary Studies (7-9) – R. M. Endresen

* Pódese substituír algún dos métodos ou obras por outros/as de igual ou superior dificultade, adaptándose a temporalización ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Proba ordinaria (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.

Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada criterio de cualificación. Ou acadar o 5 na proba de xuño ou na proba extraordinaria.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterio de cualificación
Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista.
Interpretar exercicios técnicos, as escalas e os estudos propostos respectando medida, afinación, articulación e fraseos propostos.
Interpretar obras adaptadas ao nivel en audición ou proba e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores.
Describir de maneira básica estes trazos característicos referidos a aspectos técnicos en comparación coa súa propia interpretación das pezas ou de eses elementos de maneira individual e mostrar compromiso e interese por coñecer e diferenciar estes trazos característicos, e intentar incorporalos á súa interpretación.
Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación demostrando unhas pautas de estudo ordenado, preparación e precisión na primeira interpretación dos estudos durante o inicio de cada sesión e mellorar de maneira progresiva o son e a resistencia, froito dun estudo regular.
Interpretar o repertorio adaptado ao nivel e precisión e control e demostrar seguridade na memorización da peza, con precisión nas notas e naturalidade na exposición ao público, seguindo as normas.
Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos e preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo.

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada criterio de cualificación. Median entre todos.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo profesor.

- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes en caso de ser necesario.
- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.

- A cualificación corresponde ao 100% da puntuación final.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

1.1.14. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en:

- Interpretar a un tempo próximo ao proposto na partitura de 1 estudos, tonalidades ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. E interpretar un mínimo de 1 peza curta, ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, rit-mo e son. de dixitacións.
- Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso de memoria. Con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.
- Interpretar unha obra adaptada ao nivel, e empregar as articulacións, as di-námicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe demostrar seguridade na memorización da peza, con precisión nas notas.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

Criterio de cualificación
Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista ofrecendo seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso. 20%
Interpretar os estudos propostos respectando as articulacións na súa gran maioría, mostrando un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral e mantendo o pulso estable, o tempo debe acercarse ao proposto e debe haber intención musical fraseando minimamente. .. 40%
Interpretar obras adaptadas ao nivel en audición ou proba e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores. 40%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

A proba consistirá en:

- Interpretar a un tempo próximo ao proposto na partitura de 1 estudos, tonalidades ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. E interpretar un mínimo de 1 peza curta, ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, rit-mo e son. de dixitacións.
- Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso de memoria. Con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.

- Interpretar unha obra adaptada ao nivel, e empregar as articulacións, as di-námicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe demostrar seguridade na memorización da peza, con precisión nas notas.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

Criterio de cualificación
Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista ofrecendo seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso. 20%
Interpretar os estudos propostos respectando as articulacións na súa gran maioría, mostrando un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral e mantendo o pulso estable, o tempo debe acercarse ao proposto e debe haber intención musical fraseando minimamente. .. 40%
Interpretar obras adaptadas ao nivel en audición ou proba e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores. 40%

1.1.15. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Curso: 4º do Grao Elemental

1.1.16. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

1.1.17. Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos de dicitación.
- Práctica das articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudo da boquilla.
- Utilización de instrumentos afíns que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da Tuba.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.

1.1.18. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu nivel.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación.

Mínimo exixible
Interpretar un mínimo de 1 estudo a primeira vista por avaliación, tonalidades maiores ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. Interpretar un mínimo de 1 peza curta por avaliación, ata 4 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son.
Interpretar as escalas maiores a unha oitava: tempo negra = 60, figura de corchea. Legato e staccato. Tesitura: tuba, Sol1 - Sol3; bombardino: Fa2 - Fa4.
Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas (ver *).
Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Unha de elas anterior ao s. XX.
Recoñecer 1 obra escoitada por avaliación, ao menos dúas gravadas o unha en directo, do seu instrumento ou non, trazos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son e planos sonoros.
Interpretar a técnica básica con progresión continua (registro para tuba: Fa 1 ata Do 4; registro para bombardino: Si natural 1 ata Sib 4): exercicios de flexibilidade, negra = a 60, figura de branca, negra e corchea, legato e staccato; exercicios rítmicos, con negra = a 60, de negra, corchea e semicorchea, con diferentes acentuacións, a cada dous, cada tres e cada catro.
Adaptar a afinación, precisión rítmica e demais aspectos técnicos ao grupo ou pianista mostrando naturalidade na exposición ao público, seguindo as normas.

Interpretar en público 1 obra por avaliación, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, con seguridade, precisión e control.

Preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo e traer o material a cada clase, ordenado e coidado, así como o seu instrumento e demais elementos (trapos, boquilla, coxín, etc.).

* Estudos:

Primeira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 11 a 14) - T. Botman /J. Kastelein.
- Flexibility Studies (1-3) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (10-12) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 11 a 14) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.
- Flexibility Studies (1-3) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (10-12) – R. M. Endresen

Segunda avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 15 a 17) - T. Botman /J. Kastelein.
- Flexibility Studies (4-6) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (13-15) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 15 a 17) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.
- Flexibility Studies (4-6) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (13-15) – R. M. Endresen

Terceira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- Look, Listen & Learn Vol. 2 (Euphonium B.C.) (UD 18 a 20) - T. Botman /J. Kastelein.
- Flexibility Studies (7-9) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (16-18) – R. M. Endresen

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- Hören, Lesen & Spielen Vol. 2 (Tuba) (UD 17 a 20) – M. Oldenkamp /J. Kastelein.

- Flexibility Studies (7-9) – W. Jacobs
- Supplementary Studies (16-18) – R. M. Endresen

* Pódese substituír algún dos métodos ou obras por outros/as de igual ou superior dificultade, adaptándose a temporalización ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Proba extraordinaria (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.

Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada criterio de avaliación. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao Proba extraordinaria.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterio de cualificación

Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista.
Interpretar exercicios técnicos, as escalas e os estudos propostos respectando medida, afinación, articulación e fraseos propostos e mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas.
Interpretar obras adaptadas ao nivel en audición ou proba e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores.
Describir de maneira básica estes trazos característicos referidos a aspectos técnicos en comparación coa súa propia interpretación das pezas ou de eses elementos de maneira individual e mostrar compromiso e interese por coñecer e diferenciar estes trazos característicos, e intentar incorporalos á súa interpretación. 10%
Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación demostrando unhas pautas de estudo ordenado, preparación e precisión na primeira interpretación durante o inicio de cada sesión e mellorar de maneira progresiva o son e a resistencia, froito dun estudo regular.
Interpretar o repertorio adaptado ao nivel e precisión e control e demostrar seguridade na memorización da peza, sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten, respectando as articulacións na súa gran maioría, mostrando un son estable, non nasal, e centrado de forma xeral, mantendo o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto, demostrando intención musical fraseando minimamente e ofrecendo seguridade e concentración diante do público, sen interrupcións no discurso. 20%
Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios adaptando a afinación, precisión rítmica e demais aspectos técnicos ao grupo e colaborando en xerar un ambiente de clase construtivo, axudando aos compañeiros que necesiten apoio.

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada criterio de avaliación. Median entre todos.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo profesor.

- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes en caso de ser necesario.

- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.
- A cualificación corresponde ao 100% da puntuación final.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

1.1.19. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en

función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en:

- Interpretar cun tempo próximo ao proposto na partitura 1 estudo, tonalidades maiores ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. E interpretar unha peza curta, ata 4 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son.
- Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso de memoria. Con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións na súa gran maioría. Mostrar un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral. Manter o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto. Demostrar intención musical fraseando minimamente. Ofrecer seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso.
- Interpretar 1 obra, de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións na súa gran maioría. Mostrar un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral. Manter o pulso estable e o tempo debe acercar-se ao proposto. Demostrar intención musical fraseando minimamente. Ofrecer seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterio de cualificación
Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista. 20%
Interpretar exercicios técnicos, as escalas e os estudos propostos respectando medida, afinación, articulación e fraseos propostos e mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas. 40%
Interpretar o repertorio adaptado ao nivel e precisión e control e demostrar seguridade na memorización da peza, sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten, respectando as articulacións na súa gran maioría, mostrando un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral, mantendo o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto, demostrando intención musical fraseando minimamente e ofrecendo seguridade e concentración diante do público, sen interrupcións no discurso. 40%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

A proba consistirá en:

- Interpretar cun tempo próximo ao proposto na partitura 1 estudo, tonalidades maiores ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. E interpretar unha peza curta, ata 4 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son.
- Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso de memoria. Con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións na súa gran maioría. Mostrar un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral. Manter o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto. Demostrar intención musical fraseando minimamente. Ofrecer seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso.
- Interpretar 1 obra, de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións na súa gran maioría. Mostrar un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral. Manter o pulso estable e o tempo debe acercar-se ao proposto. Demostrar intención musical fraseando minimamente. Ofrecer seguridade e concentración, sen interrupcións no discurso.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterio de cualificación
Non deterse na interpretación a un tempo preto ao proposto na partitura a primeira vista. 20%
Interpretar exercicios técnicos, as escalas e os estudos propostos respectando medida, afinación, articulación e fraseos propostos e mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas. 40%
Interpretar o repertorio adaptado ao nivel e precisión e control e demostrar seguridade na memorización da peza, sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten, respectando as articulacións na súa gran maioría, mostrando un son es estable, non nasal, e centrado de forma xeral, mantendo o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto, demostrando intención musical fraseando minimamente e ofrecendo seguridade e concentración diante do público, sen interrupcións no discurso. 40%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

1.1.20. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Curso: 1º do Grao Profesional

1.1.21. Obxectivos

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas da Tuba.

- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación con instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

1.1.22. Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión da Tuba.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trinos, grupetos, apoios, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista da Tuba adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudo dos instrumentos afíns.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

1.1.23. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da Tuba.
- Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación.

Mínimo exixible
Respirar de maneira silenciosa en algunhas ocasións. Respectar a posición corporal, centrada, equilibrada e manter unha posición neutra de cada dedo sobre as paletas ou pistóns.
Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios: Mi M, Mib M, Do menor, Do # menor (harmónica o melódica), Re M, Reb M, Si menor, Si b menor (harmónica o melódica). Escala de tons enteiros empezando en Do e Sib; arpexios de Mi M, Mib M, Do menor, Do # menor, Re M, Reb M, Si menor e Si b menor. Figura de negra, unha oitava, tempo entre 54 e 72, mezzoforte, legato ou staccato. Tocar os seguintes estudos sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver *).

Demostrar o uso diario de rutinas de técnica básica que contribúan a mellorar a afinación e o son no rexistro medio (Sol 1 - Sol 3 para tuba e Fa 2 - Sib 4 para bombardino).
Demostrar a través da calidade do son e a resistencia ter feito técnica básica a diario e ter o material e equipamento en orde e limpo.
Interpretar 2 fragmentos de 4 compases por avaliación coas seguintes características sen interromper o discurso: Compás: 2/4, 4/4. Dinámica: mezzoforte. Tempo: moderato. Figuras de negra e branca. Articulación: staccato. Ámbito de quinta. Tonalidade de Do e Sib Maiores.
Interpretar en público 1 obra por avaliación, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.
Interpretar 1 obra no curso de memoria en audición ou proba, do nivel seguindo o texto.
Manter a afinación e articulacións aínda que os cambios de dinámicas, rexistro as afecten. E realizar os cambios na dinámica.
Demostrar que recorda rutinas técnicas básicas que lle van a solucionar problemáticas ou progresar no dominio técnico.
Respectar as normas de protocolo e música de cámara, de estar acompañado.

*** Estudos:**

Primeira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- The Scales (Mod. 1-3 de todas as escalas) – B. Slokar
- Studies in Legado (1-5) – R. Fink.
- 31 Estudios Brillantes (1-2) – M. Bleger.

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- The Scales (Mod. 1-3 de todas as escalas) – B. Slokar
- 70 Estudios. Vol. I (1-4) – V. Blazhevich.
- Studies in legato (1-5) – R. Fink.

Segunda avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- The Scales (Mod. 3-6 de todas as escalas) – B. Slokar
- Studies in Legado (6-7) – R. Fink.
- 31 Estudios Brillantes (3-4) – M. Bleger.

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- The Scales (Mod. 3-6 de todas as escalas) – B. Slokar
- 70 Estudios. Vol. I (4-7) – V. Blazhevich.
- Studies in legato (6-7) – R. Fink.

Terceira avaliación

Tuba tenor/Bombardino

- The Scales (Mod. 7-9 de todas as escalas) – B. Slokar
- Studies in Legado (8-10) – R. Fink.
- 31 Estudios Brillantes (5-7) – M. Bleger.

Tuba baixa/Tuba contrabaixa

- The Scales (Mod. 7-9 de todas as escalas) – B. Slokar
- 70 Estudios. Vol. I (8-10) – V. Blazhevich.
- Studies in legato (8-10) – R. Fink.

* Pódese substituír algún dos métodos ou obras por outros/as de igual ou superior dificultade, adaptándose a temporalización ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Proba ordinaria (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:

- Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
 - Mínimo unha audición ou proba específica.

Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada criterio de avaliación. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao Proba extraordinaria.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterio de cualificación
Executar de maneira habitual exercicios de vibración de beizos e boquilla co modelo proposto na aula. 10%
Executar os estudos e exercicios de flexibilidade e estudos de maneira habitual, profundando na calidade do son e igualándoo entre rexistros. 10%
Demostrar no repertorio proposto para cada avaliación un uso da afinación adecuado e equilibrado en tódolos rexistros do repertorio do nivel. 10%
Preparar semanalmente os estudos e fragmentos de obras acordados, sen interrupcións e seguindo o discurso, demostrando un estudo semanal progresivo. 10%
Interpretar fragmentos de a primeira vista sen interromper o discurso. 10%
Interpretar en público obras, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. 10%
Interpretar 1 obra no curso de memoria en audición ou proba, do nivel seguindo os criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso. 10%
Mostrar un son estable, non nasal, e centrado de forma xeral, respectar as articulacións na súa gran maioría e manter o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto. 10%
Identificar e asociar: tonalidades, intervalos, cadencias e analizar dende un punto de vista construtivo e pormenorizado os elementos característicos da súa audición (1 por avaliación), detallando elementos positivos e negativos, e dando posibles vías de solución. 10%
Manter a afinación, aínda que os cambios de dinámicas, rexistro o articulación a afecten; respectar as articulacións; e realizar cambios na dinámica perceptibles na interpretación en público. 10%

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada criterio de cualificación.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Interpretar 2 fragmentos a primeira vista de 4 compases coas seguintes características sen interromper o discurso: Compás: 2/4, 4/4; Dinámica: mezzoforte; Tempo: moderato; Figuras de negra e branca; Articulación: staccato; Ámbito de quinta; Tonalidade de Do e Sib Maiores.

Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios: Mi M, Mib M, Do menor, Do # menor (harmónica o melódica), Re M, Reb M, Si menor, Si b menor (harmónica o melódica). Escala de tons enteiros empezando en Do e Sib; arpexios de Mi M, Mib M, Do menor, Do # menor, Re M, Reb M, Si menor e Si b menor. Figura de negra, unha oitava, tempo entre 54 e 72, mezzoforte, legato ou staccato.

Tocar dous estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver *).

Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.

Criterio de cualificación
Interpretar fragmentos de a primeira vista sen interromper o discurso. 10%
Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios con seguridade, precisión e control técnico e musical sendo capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. 10%
Mostrar un son estable, non nasal, e centrado de forma xeral, respectar as articulacións na súa gran maioría e manter o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto. 40%
Interpretar 1 obra no curso de memoria do nivel seguindo os criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso, mostrando un son estable, non nasal, e centrado de forma xeral, respectar as articulacións na súa gran maioría e manter o pulso estable e o tempo debe acercarse ao proposto. 40%

1.1.24. Medidas de recuperación

